

A presión no peito
o esgotamento
impertérito
inerte
semella
eterno

O rebumbio incesante
a gorxa seca
unha palpitante ameaza
a boca do lobo

Vivir nun muiñeiro de brétemas
nun impulso
nun berro
que queda vacío no silencio da noite

No intento de permanecer
paro en seco
paro o pensamento
que se ata ao meu entendemento
sepárase das únicas pegadas
que quedan de min

Maestra dunha Escola da Tebra
peso nas meniñas
humidade que empapa as paredes das pálpebras
impotencia aguda
dor interno
sons inaudibles
ruido insoportable

Busco a calma no interior
o descanso dentro da volta
perdo o fío principal
o argumento primario
pregúntome
se debo volver comezar esta historia